

# O HOME E O CAN

Ángel de la Cruz, 2023

# 1183

ESTREA EN NUMAX: 20.10.2023 | V.O. | 110 min

Manuel é un home con discapacidade intelectual que non saíu nunca da súa aldea, na que vive completamente só tras a morte da última veciña. Cando o seu can sofre un accidente, vese obrigado a ir á cidade en busca dun veterinario. No medio dese caos encontra a Paula, quen foxe dun fogar desestruturado en busca da liberdade. Dous personaxes aparentemente antagónicos converteráanse, sen esperalo, en dous amigos unidos pola soidade.



## Entrevista con Ángel de la Cruz: «Vivimos nun mundo en que as persoas están soas mesmo rodeadas de xente»

Por Ana González

**Como nace *O home e o can*?** Comezou cunha idea de Rafael de los Arcos, que partía dun alcalde dunha vila na que a xente quedaba soa. No ano 2014 encargou a historia a dous guionistas e sumeime eu, pero logo pasaron os anos e continúei en solitario desde o 2018 facendo a historia máis miña.

**É un triunfo para a lingua galega?** Si, houbo un momento no que nos cuestionamos se mudar ao castelán e creo que non tería funcionado. A lingua non é un impedimento para que o filme funcione, senón que o fai máis verosímil.

**Un único habitante nunha aldea é unha realidade en Galicia. Cal foi a principal inspiración para facela?** A prensa foi unha fonte de inspiración. Teño recortes de xente que morre soa, de aldeas sen habitantes. Esas novas publícanse a diario...

**A soidade cobra un papel importante nesta historia.** Vivimos nun mundo en que as persoas están moi soas, mesmo se están rodeadas doutras. Na escena de Fin de Ano, un personaxe chega á conclusión de que as redes sociais en realidade non din nada de ninguén. Iso é o que me gustaría transmitir, que o mundo virtual é un pouco unha farsa. A realidade é outra cousa, está nas rúas, nas casas, no contacto con outros. Estamos nun mundo marcado pola comunicación e precisamente é cando máis sós estamos. Cada vez hai máis problemas mentais e de ansiedade na xente nova. Isto non sucedía antes e é polo abuso das novas tecnoloxías.

**Acabas de recibir 6 premios no Festival de Madrid. Pódelo crer?** Cando vai pasando o tempo comezas a crelo pero costa traballo. É o primeiro festival ao que imos fóra de Galicia cun filme en galego e en branco e negro. Tiñamos expectativas pero non sabíamos se nos ían dar algo. É unha ledicia grande e confirma o que criamos, que podería ter un bo percorrido nos festivais.

**Destaca algún galardón?** Os premios que máis ilusión me fan son os do reparto. Manquiña e Paula Chaves fixeron unha grande interpretación. Ademais, cando premian un actor quere dicir que o director non o fixo mal de todo, porque soubo comunicarse. Tamén o de dirección de cásting. Tomeino como un premio ao reparto en xeral, porque están todos moi ben.

**Tras trece anos sen dirixir, que supón este recoñecemento?** Estou moi ledo porque é un filme moi especial. Tiven a sorte de participar como guionista de 14 longametraxes pero como director só fixen catro. Dirixir gústame, pero tenme custado moito esforzo. Porén, cando este proxecto caeu nas miñas mans pareceume un filme entrañable, pequeniño, sinxelo pero non simple. Apetecíame moito facelo. É a primeira vez que non tiven que renunciar a case nada, porque é intimista e con poucos recursos. Dos que fixen é o que máis se parece no resultado final á idea que eu tiña cando escribía o guión.

**Ten outros proxectos entre mans?** Un moi distinto, con máis recursos. Ézaro Films vén de asinar con Enrique Cerezo un contrato para facer un filme dun guión feito por min, adaptado da novela *La silla*, de David Lasso. En principio asumirei eu a dirección e estamos a pechar o financiamento para comezar a rodar.